



Índice

Dirección e coordinación:

Equipo de Normalización Lingüística:

M^a Xosé González

M^a Xosé Mato

Dores Gómez

Portada:

Fina Lozano

alumnos 4^o Eso

Maquetación:

Carmen Vecino

Colaboran:

Gabriela Beade

Alí Bedri Mustafá

José Manuel Bértolo Ballesteros

Teresa Blanco

Ana Blanco Salvado

Laura Castaño Corral

Manuel Castiñeira Suárez

Nerea Collazo Rodríguez

Comité Feminista I.E.S. Adormideras

Alicia Conde López

Sara Dono

Enrique Fernández Fernández

Carlos Fernández Leiro

Soledad Ferreiro Vallejo

Alejandro González Varela

David Mendes Moreira

Paula Naya Camarera

Fernando Noya Vecino

Tania Piñón Amboage

Mayte Puig Cortegoso

Leticia Ramos Reiriz

Enrique Royo Herranz

Martha Mariela Santos Pascual

María Selgas

Seminario de Francés

Eduardo Manuel Seoane

Alfonso Souto Míguez

Carla Varela Fabeiro

2. Letras Galegas:

- María Mariño
- Charla Antón Cortizas

6. Arte no instituto:

- Pictogramas
- Concurso calendario de peto
- Pintores famosos nas portas.
- René Magritte (portas)
- Seres mitolóxicos
- Exposición: "As sereas"
- Mitoloxía e arte: As sereas en Galicia

14. Actividades no centro:

- Exposición: "Adormideras baixo o microscopio"
- Learning
- Entroido: en Galicia e no noso centro
- Maxia: Christian Magic
- Teatro: Grupo "Raiola"

22. Deportes

- Un día no INEF
- Torneo Coca-Cola

24. Saídas

- Exposición: "A forza da palabra"
- Excursión Santiago
- Visita á radio
- Visita á Escola Pablo Picasso
- Visita: Museo Militar
- Visita: Museo Belas Artes
- Visita cultural: "Casa Emilia Pardo Bazán"
- Excursión: Avín, Asturias
- Obra Teatro: "Le tour de France"

33. As nosas creacións

- Cambio a unha nova vida
- O vello que quería ver o tren
- A ponte
- A verdadeira razón da extinción dos dinosauros

36. Tutifrutí

- Fumar ou non fumar
- Manifesto contra a prostitución
- A escalada
- Seccións Europeas
- Enquisa: How do you go to school?
- Desinterese político no IES Adormideras
- Cómic Rosalía de Castro

17 de Maio día das Letras Galegas, adicado a: **María Mariño**

Naceu en Noia no ano 1907, nunha familia numerosa e con dificultades económicas o que motivou que non puidese ir moito á escola e que tivese que poñerse a traballar de costureira polas casas.

A súa familia trasládase a Boiro, unha tía súa que traballaba de cociñeira no pazo de Goián facilítalle o acceso á biblioteca, alí coñece obras de autores importantes que posteriormente influirán na súa poesía.

Casa con Roberto Pose, trasládase por motivos de traballo do seu home un tempo ó País Vasco, mórrelle o seu único fillo, na mesma época tamén morre a súa nai, regresan a Galicia, viven en distintas cidades. Estes feitos cáusanlle unha depresión nervosa. As súas amigas recórdana como persoa estraña e solitaria.

No ano 1957 iníciase como escritora no Courel lugar onde coñece a Manuel María, Ramón Piñeiro, Uxío Novoneyra quen a anima a escribir o seu primeiro libro: **PALABRA NO TEMPO**, publicado no ano 1963. Este libro leva un prólogo de Ramón Otero Pedrayo que a louva como escritora, logra gran éxito entre os poetas da época.




VERBA QUE COMENZA, é un libro publicado postumamente no ano 1967 que escribe cando xa está enferma e por iso nel amosa a súa angustia existencial ante a presenza da morte.

A súa obra literaria está marcada polas circunstancias vitais e sociais que a rodearon, a condición de muller e a pertenza a unha clase humilde fixeron que o acceso á cultura fose francamente difícil. A súa poesía inspírase na tradición popular onde non é allea á inevitable presenza rosaliana, e enriquecese coa intimidade profunda dunha muller madura.

Non tiña moita relación co mundo literario da súa época. A temática, en conxunto, é básicamente intimista, utiliza unha linguaxe rupturista.

Morre no ano 1967 vítima dunha leucemia.



Antón Cortizas

O día 4 de maio estivo connosco o escritor galego Antón Cortizas falándonos da súa obra. Especialmente do seu libro *Onde o sol non adormece*. Grazas pola asistencia.



Aquí tedes unha breve mostra da súa biografía.

Naceu no ano 1954, defínese coma unha persoa preguiceira, xa que nos di que aínda está por nacer. De cativo adicábase a xogar, brincar, argallar, facer os deberes...

De adolescente déuselle por escribir cousas sen que ninguén lle mandase, vestíase de Atlántico, vestimenta que usa dende entón. E comezou a amar ao seu país e a interesarse pola cultura galaica.

Casa e ten tres fillas que para el son o máis importante. De adulto púxose a inventar historias de cando en vez. E cóntanos que de vello lle gustaría seguir facendo ata converterse nun trasno amable e contemplar o mundo sorrindo dende o silencio da lúa.

É un dos escritores galegos de literatura infantil ou xuvenil máis traducidos e premiados, conta con numerosos premios, Curuxa de Humor de Fene, Barco de Vapor, Premio Merlín...

Escrebe teatro, narrativa e poesía. Podemos destacar algúns títulos como *O lapis de Rosalía*, *A bruxa sen curuxa*, *O coleccionista de sombras*, *O ladrón de ar*, *Nos páramos da lúa*...

Unha das obras máis recentes é ***Onde o sol non adormece***, días antes da súa entrada na Universidade, Pedro escribe as lembranzas da súa vida con Xulia, que é a súa amiga dende o berce. A ausencia de Xulia, que daquela viaxa a Estocolmo para ser operada dunha lesión conxénita e así recobrar a vista, e a presenza dunha vella caixiña de cedro, un obxecto máxico e misterioso, desencadea no mozo unha esculca apaixonada do horizonte, das paisaxes e dos soños que ambos os dous compartiron. Dúas vidas condensadas en catorce días que permiten comprender que cando se vive amando, un minuto pode durar unha eternidade. Unha emocionante novela de amor que densifica as ansias de dúas persoas que se amaron nunha paisaxe onde o horizonte se chama esperanza. Unha novela de intriga que esculca os límites entre a fantasía e a realidade, entre a luz e a escuridade.

Ali Bedri Mustafá

Leticia Ramos Reiriz

Martha Mariely Santos Pascual

Pintores famosos nas nosas portas

A porta feita polos alumnos de 1º de Bacharelato do grupo "C" é a porta traseira do Salón de Actos. O debuxo realizado na porta é unha obra de Juan Gris.

Juan Gris é un pintor madrileño que desenvolveu a súa actividade principalmente en París e é considerado un dos mestres do cubismo. A obra titúlase "PAISAJE CON CASA EN CERET".

Para realizar o traballo primeiro lixamos a porta ben e démoslle unha man de pintura branca, despois fixemos o debuxo e finalmente, con axuda dun folio con el impreso, fomos pintando as cores onde correspondían.

O traballo feito polos alumnos foi duro, xa que era a primeira porta que faciamos, pero unha vez que rematamos, sentímonos moi contentos polo traballo realizado.

Ana Blanco Salvado, 1º Bacharelato C



Juan Gris

René Magritte

Nace o 21 de novembro de 1898 en Lessines, Bélxica.

Pintor surrealista, destro e meticuloso na súa técnica. Estudou bacharelato en Cherloroi e cursou estudos de Belas Artes en Bruselas.

En 1922 casa con Georgette Berger, amiga da xuventude que lle serve de modelo.

A súa primeira exposición foi en Bruxelas, no 1922. Un ano máis tarde participa na primeira exposición dos surrealistas, en Pons, onde frecuentou o círculo surrealista que incluíu a Jean Arp, André Bretón, Salvador Dalí, Paul Evord e Joan Miró, onde comezou a pintar no estilo que predominou na súa longa carreira artística.

No ano 1936 expón en New Cork, alcanzando a fama mundial. Recibe o premio Guggenheim en 1956.

O xenial pintor morre o 16 de agosto de 1967.

A porta paso a paso

O primeiro consistiu en lixar a superficie da porta para limpala de impurezas e obter así un bo resultado final.

A continuación, procedemos coa axuda dun retroproxector a marcar os elementos que compoñen a obra. Deste xeito situamos proporcionalmente tódolos elementos. Tendo os puntos de referencia marcados comezamos a pintar unha base de cor marrón, imitando a madeira. Cunha esponxa mollada en pintura dun tono máis claro có da base, facemos un granulado que dará á porta sensación de desgaste.

Despois, con sucesivas capas e cores dámoslle a sensación de perspectiva que reflicte o oco da porta, as sombras e o chan. O último punto consistiu en crear textura e facer algúns pequenos detalles... e listo!




Xa temos outra nova obra de arte decorando o noso instituto.

Alejandro González Varela

Paula Naya Camarera

1º D Bacharelato

Non te queres perder, verdade?



SALA DE
ORDENADORES

“Pictogramas descriptivos da planta primeira do centro así como rotulación das mesmas”

Fase II:

Esta actividade que foi iniciada o curso anterior con carácter excepcional, emprende o presente curso a fase II e continuará en anos seguintes.

O profesor do Departamento de Artes Plásticas Juan López de Heredia coordina este traballo co alumnado de Fundamentos de Deseño de 2º de Bacharelato Artístico. O traballo trata de identificar con elementos iconográficos e textos as zonas do instituto para identificalas con linguaxe gráfica.

A primeira fase deste traballo xa foi realizada o curso anterior, toda a planta baixa está rotulada, todos os que se acheguen ao centro poden ver esta interesante e innovadora rotulación.

Aquí tedes unha mostra do traballo deste curso. Agardamos que non vos perdades

Calendario de peto-marcador

Como en anos anteriores convocamos un concurso para a elaboración dun calendario de peto-marcador de libros. Nesta actividade poden participar todos os alumnos e contamos coa colaboración do Departamento de Debuxo que anima ao alumnado a facer un deseño como práctica da clase e participa no xurado á hora de elixir o debuxo gañador, especialmente dirixido e coordinado pola profesora Ana Pita.

Os deseños deben facer referencia á normalización da lingua.

Este curso, por primeira vez, decidimos establecer dous niveis, E.S.O. e Bacharelato, dada a diferenza de idade dos participantes e que os alumnos de bacharelato, especialmente os de Bacharelato Artístico, teñen uns coñecementos plásticos superiores aos de secundaria.

Dous foron os deseños seleccionados, o de Bacharelato foi elixido para a elaboración do calendario-marcador, o outro para marcador que referencia a oferta educativa do noso instituto.

Presentáronse moitos traballos, por certo, de moi boa calidade e tamén moi orixinais. Con todos facemos unha exposición na entrada ao instituto, de modo que os participantes ven as súas colaboracións expostas e os demais alumnos poden apreciar os traballos dos seus compañeiros e animarse para próximas convocatorias. Esta actividade vense realizando desde hai anos, sempre con moi boa acollida por parte dos rapaces.

Este ano os gañadores foron para a modalidade de ESO: Carla Buceta Santos e para a modalidade de Bacharelato: Boris Golas de Antón, como podedes comprobar cada ano contamos con máis e mellores participantes.



Seres mitolóxicos

Os alumnos e alumnas de 1º de Bacharelato fixemos na clase de Volume unhas copias ou representacións de seres mitolóxicos como por exemplo a Loba de Rómulo e Remo, Pegasos, Dragóns...

Para realizar este traballo primeiro tivemos que facelo en barro, coas medidas máis reducidas que no resultado final. Despois de ter o modelo en tres dimensións (o de barro), puidemos comezar o de papel. Co papel de xornal feito bólas, construímos o animal ou ser mitolóxico. Cando estea rematado, cubriémolo cunha capa de cartón "fallero" húmido e desfollado e con cola branca. No momento en que o cartón estea seco, xa o podemos pintar con pintura acrílica.



Soledad Ferreiro Vallejo, 1º C Bacharelato
Exposición

Mitoloxía e arte: "as sereas"

Baixo este título están proxectadas tres exposicións, unha por trimestre. As dúas primeiras feitas polos alumnos de 2º Bacharelato e a terceira polos alumnos de 1º Bacharelato.

Nesta actividade, na súa elaboración, están implicados os alumnos de Bacharelato de Artes prestando a súa colaboración o Departamento de Debuxo, Departamento de Grego e Departamento de Lingua e Literatura Galega.

Temas: Sereas, Hércules e Afrodita.

A primeira destas exposicións xa foi realizada, inaugurada o 12 de febreiro, podemos dicir que con gran éxito e temos que salientar a riqueza e calidade dos traballos presentados, realizados baixo a dirección da profesora Mª Luísa García Berrios.

Celebrouse un acto de inauguración da exposición, na que se daba o fallo do concurso convocado para elixir a mellor obra. Participou no xurado o pintor coruñés Pedro Bueno.

A exposición estivo aberta ao público durante días e podemos destacar que foi moi visitada non só por xente da nosa comunidade, mesmo tamén da zona e doutros centros.

As sereas en Galiza

Dos seres fantásticos, ou quizais non tan fantásticos, os máis presentes na cultura galega son as sereas.

En efecto, existen “ bien que son infrecuentes a la vista, unos acuátiles de medio bajo peces, que de medio arriba observan exactamente todos los lineamientos de la humana figuración, con todas las señas que distinguen los dos sexos; de suerte que unos, en cuanto a la figura, son medio peces, medio hombres; otros medio mujeres y medio peces...” di o Padre Feixóo, e ademais cita dous casos de avistamento, un en 1671 cerca da illa de Martinica e outro en 1725 en Brest.

Como Galiza ten moita costa marítima non é, pois, de extrañar que haxa moitísimas lendas sobre estes seres. Estas lendas sitúan as sereas preto da Torre de Hércules, en Camariñas, en Cervo (Lugo) e na illa de Sálvora, entre outros lugares. Precisamente na illa de Sálvora unha serea tería amores cun home, necendo un neno que se chamou Mariño, que fundaría a estirpe dos Mariño. Segundo a mitoloxía grega as sereas son fillas do deus-río Aqueloo e unha musa. Tiñan un corpo híbrido, a cabeza e o peito de muller, e o resto do corpo de ave. Nun principio foron mozas de aspecto normal, pero cando Perséfone foi raptada por Plutón, pediron aos deuses que lles desen ás para poder ir na procura da súa amiga desaparecida.

As sereas estaban dotadas dunha voz tan marabillosa que ousaron desafiar ás musas. Vencidas e avergoñadas pola derrota, as sereas retiráronse a unha illa na costa meridional de Italia onde, coa súa música feiticeira, atraían os barcos até as rochas para que naufragasen e morresen os seus tripulantes. Conta Homero que Odiseo mandou aos seus compañeiros que se enchesen os ouvidos con cera, e el fíxose atar ao mastro do navío para poder así escoitar o seu canto sen se deixar enfeitizar por el. Un oráculo vaticinara que o fin das sereas tería lugar cando alguén lograra sustraerse ao feitizo do seu canto.

A partir do século II aC. as sereas comezaron a facerse mariñas e tomar o aspecto de metade muller, metade peixe. Baixo este aspecto é como soen aparecer tanto na arte como na literatura galegas. En canto a arte, fronte a noso instituto, xunto a praia, vemos a *Serea de san Amaro* (1998) de M^a Xesús Urgoiti, e no Clube do Mar diversas *Sereas* (2005) de Pedro Bueno. A *Serea de Márgara Hernández* na praia do Orzán e as sereas de Garcia de Bucíños ao pé do monte de san Pedro son exemplos, entre outros, que podemos ver en A Coruña, pois a nivel de Galiza son numerosísimos.

Os literatos galegos, como Pardo Bazán, Otero Pedrayo, Carballo Calero, X.L. Caneiro, etc. tamén fixaron a súa atención nas sereas. Pero citemos a A.Cunqueiro, en *Merlín e familia*, no que nos conta como unha serea, chamada Teodora, tingue de loito as súas escamas da cola, por mor da morte dun amigo:


" - Quedará, díxolle a doña Teodora, un negro brillante que chaman en Italia "corvo de Nápoles", e na bordiña das escamas, un fío de ouro lucido."

Texto de José Manuel Bértolo Ballesteros, profesor de grego do Ies Adormideras e autor dos tres volumes de *Mitoloxía clásica en Galiza* : **Os heroes, As divindades menores e Os deuses do Olimpo.**

Paraíso perdido (2004) M. Pardo de Vera



Adormideras baixo o microscopio



O día 31 de Maio do pasado curso, celebrouse a inauguración da primeira exposición de Bioloxía: "Adormideras baixo o

microscopio", a cal foi realizada polos estudantes de 1º de Bacharelato de Ciencias da Natureza e dirixida polo seu profesor Carlos Pérez Valcarcel.

Ao acto asistiron representantes de diversas institucións como o delegado da Consellería de Educación, un representante do Concello, os membros do Consello Escolar e a meirande parte do profesorado e alumnado do centro. Tamén contamos coa asistencia dalgún medio de comunicación como "La Voz de Galicia", que axudou á difusión da exposición facendo unha boa publicidade mediante viñetas ou artigos.

A exposición consta de máis de cen fotografías realizadas integramente con mostras obtidas no laboratorio do centro, estas mostras foron recollidas durante varios anos polo profesor e alumnado e gracias a isto puidemos realizar a exposición.

A forma da realización das fotografías é a seguinte: obtención do material necesario, como augas estancadas, tecidos animais ou vexetais; deseguido faise a práctica no laboratorio e se algunha mostra realizada por un estudante é boa, o profesor fotográfica, deste xeito obtivemos unhas extraordinarias imaxes.

Querémoslle agradecer a colaboración a todo o persoal do centro, estudantes, profesores e persoal non docente, xa que grazas á súa axuda puidemos realizar a exposición que nestes intreos está percorrendo outros institutos e así mostrámoslles que no I.E.S. Adormideras tamén existe a ciencia e non só un tamén magnífico Bacharelato de Artes que resulta máis coñecido.

Alfonso Souto Míguez 2º Bacharelato

Learning English through Painting in the Renaissance

A partir do 7 de Marzo presentouse no IES Adormideras a exposición Learning English through Painting in the Renaissance que achegou ós alumnos o coñecemento do Renacemento en Europa coa peculiaridade de utilizar como lingua vehicular o inglés.

Presenta dous grandes paneis que contextualizan histórica e culturalmente a mostra e unha selección de obras representativas dos principais artistas da época, agrupados por escolas nacionais, todo acompañado de carteis explicativos (en inglés).

A mostra foi preparada conxuntamente polos departamentos de Inglés e Historia, gracias á cesión do material exhibido por parte da profesora Rosa Villar Villamil, do IES Chan do Monte de Marín, que recibiu un segundo premio de innovación educativa.



O entroido.

Estudo do entroido tradicional galego

A orixe da palabra "Entroido" ou "Antroido" deriva do latín introitus, que significa "entrada" ou "comezo" da primavera e do rexurdimento da vexetación.

Podemos distinguir dous significados diferentes:

1. Período do ano anterior á Coresma pascual. Adoita coincidir a principios de febreiro.
2. Festa popular celebrada en Galiza con tintes particulares, moi diferenciados entre diversas poboacións: son coñecidos os antroidos de Laza, Verín, Vila de Cruces, A Estrada, Vilaboa, e outros moitos máis, algúns dos cales están cualificados de "acontecemento turístico nacional" polo Ministerio de Turismo.

En ámbalas dúas acepcións na zona norte de Galiza emprégase "Antroido", como no antroido ribadense.

O Calendario do entroido varía dentro das diferentes vilas de Galicia chegando mesmo nalgúns casos, sobre todo no interior da comunidade, a ter quince días. Hoxe en día, Xinzo de Limia conta co ciclo máis longo: Domingo Fareleiro, Domingo Oleiro (celebracións exclusivas desta vila), Domingo Corredoiro, Domingo, Luns e Martes de Entroido e Domingo de Piñata.

As máscaras galegas presentan, segundo as zonas e comarcas, trazos diferentes. Podemos distinguir as seguintes:

Xinzo de Limia: AS PANTALLAS



O traxe típico son as pantallas. O seu atuendo considérase incompleto sen a vexigas, que se repoñen cada vez que rompen. As Pantallas visten camisa e calzón brancos, capa vermella ou negra, pañoleta (case sempre vermella), polainas negras e zapatos negros. Unha faixa tamén vermella lévase no van , xunto coas campaiñas, así a cadeira sofre menos o roce das campaiñas.

En Laza OS PELIQUEIROS

En En Laza o entroido é do máis ancestral e dos que realmente seguen a tradición.

O peliqueiro é o personaxe central. Existen outros personaxes secundarios, como a morena e o maragato. Conven dicir que o Peliqueiro e a máscara do Entroido de Laza, non é un disfraz, é unha máscara.

Partes importantes é o folión, tamén a cabritada, a "estrea do Peliqueiro", reparto da bica, etc.



En Verin OS CIGARRÓNS.



En Verin o entroido é tamén moi sonado. Son, tamén, festas de interese turístico nacional.

Outro entroido moi sonado e único en Ourense, é o de Verín . Parten do domingo de Corredoiro, logo o "xoves de Compadres" só de homes, reúnen e a gran comerota é a gran noite, e logo "xoves de comadres", só de mulleres. Os cigarróns son a figura central do entroido. O domingo de entroido teñen un gran desfile de carrozas. Máscaras, desfiles, música e comparsas poñen unha nota de color, tamén unha exquisita gastronomía



OS XENERAIS do ULLA

Chamada en parte do val Antroido e noutras zonas Entroido, esta é unha das festas que máis sonda alcanzaron fóra da comarca. Son característicos os personaxes dos xenerais e os correos, homes montados da cabalo que percorren distintas parroquias da zona vestidos con vistosos uniformes. Nas últimas décadas, de

xeito fixo ou discontinuo, os xenerais da Ulla apareceron no Entroido dalgunhas parroquias dos concellos de Boqueixón, A Estrada, Padrón, Santiago, Silleda, Teo, Touro, Vedra e Vila de Cruces.

A orixe destes desfiles de xenerais e correos parece estar na Guerra da Independencia. Xosé María Castroviejo relátao en "Memorias dunha terra" deste xeito: "Ponte Ulla: de tódalas parroquias chegaban as xentes para contemplar o sen igual antroido. A parte principal era un combate entre os paisanos e as tropas de Napoleón. A francesada deixou un gran recordo en Galicia, onde houbo combates encarnizados dos napoleónidas coa paisanaxe. Xa de neno chamáballe a atención oír nomear ós cazadores do val da Ulla, os cans con nomes como Ney e Sout".

Gabriela Beade 2ºESO



Nós tamén celebramos o noso entroido no Instituto. Fíxose un concurso de disfraces , tanto individual como colectivo. Cada vez superámosnos máis, esta ano a participación do profesorado deixouse ver máis. Lembramos o fenomenal monólogo do profesor de filosofía Miguel Izaguirre e a posta en escena da profe de debuxo Laura Molina.

Maxia con Christyan Magic.



O venres, 30 de abril os alumnos da ESO puidemos disfrutar un espectáculo de maxia no salón de actos do Centro. Foi impresionante comprobar o que facía. Iso ten que ser cousa de meigallo porque outra explicación non ten.

Grupo de teatro: Raiola

Obra: Fin de acto

O mércores 11 de abril veu o grupo de teatro Raiola ao noso centro a representar a súa última obra titulada " *Fin de acto*", do autor contemporáneo Avendaño, baixo a dirección de Ququi Naveira. Éxito de actuación e público. Gustounos moito. Queremos agradecer á compañía teatral a súa boa disposición por facernos esta magnífica representación e desde aquí darlles as grazas. Gustaríanos contar co mesmo grupo para outras ocasións.



Día na INEF

O día 7 de Marzo, a profesora de educación física Isabel Tabeyo e mais Andrés, o profesor de tecnoloxía, leváronnos a pasar un día ás instalacións da INEF, en Bastiagueiro.

Alí esperábanos os profesores que estiveron facendo as prácticas de fin de carreira no noso insituto.

Primeiramente, fomos ó salón de actos onde nos explicaron as actividades que faríamos ao longo da mañá.

Unha vez rematada a charla, fomos ao campo de fútbol xogar un partido. Cando rematamos dirixímonos a pista de atletismo, e alí fixemos salto de lonxitude e de altura.

Para entrarmos en calor leváronnos á sala multiusos, onde fixemos aeróbic e tamén escalamos no rocódromo.

Aínda que algúns se resistían a ir, todos o pasamos en grande na piscina, onde fixemos unha pequena competición.

Como xa era hora de comer e todos estabamos famentos, fomos ao comedor que o compartimos cos estudantes da Facultade.

Ao rematar, baixamos á Praia de Batiagueiro e alí xogamos cuns papaventos que fixeron os alumnos de Tecnoloxía co seu profesor Andrés García.

A última actividade que fixemos foi un xogo de orientación por todas as instalacións.

Cando acabamos despedímonos dos profesores en prácticas e fomos esperar o autobús que tardou unha hora en vir! Pero a espera non se nos fixo moi longa, porque o pasamos moi ben!!!.

Nerea Collazo. e Alicia Conde.





Torneo coca-cola

O sábado, 20 de marzo fixemos unha actividade deportiva nos campos da Torre. Participamos no Torneo Coca-Cola nun encontro de fútbol. O importante foi estar todos xuntos facendo deporte e divertíndonos moito. Agardamos con ansiedade outro Torneo pero mentres podedes ver as fotos do equipo e as nosas habilidades deportivas. A derrota, nun principio, foi considerable. Deunos igual. Posteriormente déronnos o partido por gañado debido a que os contrincantes eran dunha categoría superior.

Galicia, a forza da palabra.

No primeiro trimestre aos alumnos de 3º da ESO, leváronnos a visitar a fundación Caixa Galicia.

Ao chegar subimos nun ascensor de cristal desde o que se pode ver o xardín de Méndez Núñez, e a continuación dirixíronnos a unha sala onde nos ensinaron moitas cousas da literatura galega, manuscritos dalgúns escritores coma **Pondal, Castelao, Uxío Novoneyra**, e obxectos curiosos como os lentes de Castelao, a chisteira de Manuel Murguía...

Ao rematar o percorrido por esta sala leváronnos a outra onde escoitamos unha cantiga e tiñamos que dicir se era de amor ou de amigo, e moitas cousas máis.

Para culminar a visita dixéronnos que iamos facer un poema ou algo de rap pero que se basease na literatura galega. Pasámolo moi ben, foi moi entretido.

Os alumnos:

Alí Bedrí Mustafá.

Leticia Ramos Reiriz.

Martha Mariela Santos Pascual.



Visita a Santiago de Compostela.

Onte día 9, Mar levounos á Catedral de Santiago.

Ó chegar un guía chamado Carlos nacido en Bogotá foinos ensinando as diferentes partes. Primeiramente fomos ver a sala de cerimonias do **Pazo Arcebispal** onde se recibían os reis e as persoas de alto rango.

E por último, subimos ás cubertas, dende alí víase gran parte de Santiago como a **praza de Acibechería**, a **Torre da Berenguela**, a **Praza do Obradoiro** e moitas cousas máis. Na cuberta había unha pila cun carneiro de pedra enriba, onde antigamente os peregrinos ó rematar de facer o camiño, queimaban as súas roupas e dábanlle outras novas. A

catedral ten tres estilos: Gótico, Románico e Barroco. Empezouse a construír no Século XII polo mestre Mateo.

Ao rematar fomos á inauguración dunha exposición no **Museo de Arte Contemporánea**. O autor desta exposición audio-visual é Ignacio Pardo.

Santiago visto por unha Dominicana, unha Española e un Búlgaro

Alí Bedrí Mustafá

Leticia Ramos Reiriz

Martha Mariely Santos Pascual

Visita á radio

No segundo trimestre as profesoras de galego leváronnos de visita a RNE que se encontra no edificio Kiosco Afonso nos Xardíns de Méndez Núñez.

Fomos os alumnos de 1º, 3º Div. e 4º de E.S.O.. Algúns de nós xa fomos o ano pasado e a maioría coincidimos en que esta visita foi moi diferente á do ano pasado.

Estivemos nunha sala de mesturas onde un profesional nos explicou o funcionamento das instalacións. Ensinounos, entre outras cousas, como **cortar co ordenador sons non necesarios nas gravacións**, tamén deixou pasar a dos compañeiros nosos a unha sala aillada acusticamente na que antes se facían gravacións de programas como por exemplo as noticias locais. Alí bromearon



facendo de comentadores, quizais isto foi o máis divertido da visita.

*Nerea Collazo Rodríguez
Alicia Conde López
(Alumnas de 4º E.S.O.)*

Neste curso os alumnos de 3º e 4º de E.S.O. Fomos visitar as instalacións da Radio Nacional de España.

Ao chegar un xornalista explicounos cousa por cousa como funcionaba todo, e levou a dous o tres alumnos a unha sala onde antes facían as emisións en directo, alí a través dun cristal podíamos velos e **escoitalos falar polos micrófonos**, eles a nosoutros non nos escoitaban xa que era unha sala insonorizada.

Despois algúns alumnos fixeron diferentes preguntas que o especialista nos resolveu.

Os alumnos de 3º Div.

*Alí BedrÍ Mustafá.
Leticia Ramos Reiriz.
Martha Marieli Santos Pascual.*

Visita guiada á escola Pablo Picasso

A visita comezou cun breve discurso do director da escola, no que nos comentou a normativa para estudar cada unha das ramas que na escola se imparten e as distintas formas de admisión nela, entre as cales, a máis apetecible para os estudantes é a opción directa, que se basea en ter feito o bacharelato artístico.

Tras responder a todas as preguntas que os alumnos invitados formulamos e resolvernos con afán as nosas dúbidas, comezou a visita pola escola. As aulas ulían a madeira, augarrás e barro entre outros moitos olores inconfundibles para todos os que estamos en contacto coa arte e as súas distintas modalidades.

Nas distintas aulas os profesores de cada modalidade foron comentando a materia que impartían e as súas distintas utilidades no ámbito comercial, xa que dentro duns anos todos teremos que integrarnos nel. Todos os profesores amosaron pezas creadas polos alumnos e o material utilizado para as ditas creacións.

A orientadora foi a encargada de acompañarnos na grata visita e ofreceuse a buscarnos información sobre todos os estudos que quixeramos cursar máis adiante, todo isto baseado na charla e visita pola escola Pablo Picasso.

María Selgas

Eduardo Manuel Seoane



Visitamos o museo militar

O día 13 de decembro fomos ao Museo Militar cos alumnos de 1º ESO. Mostráronnos varias salas con exposicións de distintas armas, condecoracións militares... Os alumnos xogaron con xogos interactivos e tamén tocaron o tambor e vimos unha **maqueta da batalla de Elviña** moi interesante. Despois agasalláronnos cuns chaveiros e agora estamos facendo unhas fichas moi interesantes sobre todo o que nos explicaron alí.

Teresa Blanco, orientadora pedagóxica.

Museo de Bellas Artes

Este curso os alumnos de 3 de Diversificación fixemos unha visita ó museo de Belas Artes. Alí ensináronnos e puidemos apreciar os distintos tipos de pinturas coma os bodegóns, retratos, paisaxes....

O edificio foi construído no **século XVIII**, a inauguración oficial como museo foi no ano 1947. O pouco espazo e as escasas condicións de seguridade e conservación, obrigaron á elaboración dun proxecto para a construción dun novo recinto que ocupa o solar nas dependencias do **antigo convento de Capuchinas**, que é un convento de estilo barroco realizado en 1715 por Fernando Casas y Novoa



O actual edificio abriu as portas en decembro do ano 1995, foi deseñado por Manuel Gallego. A entrada atópase precedida dunha grande columnata exenta e un peche adintelado que enmarcan un patio prolongado polo antigo xardín de monxas.

Ó entrar pódese apreciar a parte antiga e a moderna. A parte antiga alberga a **cerámica** e o **gravado** e a moderna a **pintura** e a **escultura**.

A combinación de luces, o contraste da madeira e as paredes de cor branca conforman un ambiente cálido para contemplar as obras de arte. Este é un dos cadros do museo, un retrato de **Emilia Pardo Bazán**.

Como curiosidade dixéronnos que os cadros máis grandes como non caben pola porta para non ter que desmontalos puxeron un ascensor estreito e alto no lateral das salas, deste xeito pódense subir ás distintas plantas os cadros sen sacalos do seu marco e sen que sufran danos.

A visita foi moi interesante e gustounos moito así que volveremos outro día.

Alí Bedrí Mustafa.

Leticia Ramos Reiriz

Martha Mariely Santos Pascual.

Emilia Pardo Bazán

Hoxe día 8 de maio os alumnos de 1º e os de 3º de Diversificación fomos visitar a casa de Emilia Pardo Bazán.

A nosa guía chamábase Xulia e foinos explicando sala por sala cada cousa dunha maneira moi amena ,tamén nos deixou uns corsés que tivemos postos durante a visita para facernos ver como se sentían as mulleres do século XIX.

Ao chegar ao recibidor díxonos que naquela época os homes eran os que máis mandaban e que ás mulleres non as deixaban estudar, por iso a Emilia coñécese como unha muller moi loitadora e traballadora xa que con moito esforzo conseguiu entrar na **Real Academia Española**.

Lemos un breve texto no que Emilia contaba que non lle gustaba a fama de ser escritora xa que pola rúa a sinalaban e falábase dela chamándoa "bachillera".

Noutra sala amosáronnos as súas obras literarias, a cuestión periodística...e moitas cousas máis entre elas un "secreter" onde ela gardaba as súas cousas íntimas, un escritorio onde escribía os seus libros....

Ao rematar déronnos uns marcapáxinas e uns folletos nos que se recolle o que fomos vendo.

Foi moi interesante e gustounos moito.

Leticia Ramos Reiriz



Excursión a Avín (Asturias)

Esta semana do 6 ao 11 de maio, estamos en Asturias. Estámolo pasando moi ben, facemos todo tipo de actividades: senderismo, baixada en piragua... Algo cansados si que estamos, menos mal que o programa nos combina con algunha actividade cultural. Podedes ver as nosas andanzas no blog noso Centro. Xa vos iremos contando pouco a pouco.



Le Tour de France...en farces!!

Le 12 Janvier, nous sommes allés voir une pièce de théâtre en français: "**Le Tour de France... en farces!**"

En effet, la pièce était composée de plusieurs farces dont la thématique était très variée: on a vu un mari cornu, un émigrant espagnol marié avec une française, une farce sur l'occupation allemande, une autre où un peintre faisait une interprétation trop libre de la Sainte Cène, "Le Puits" où un homme est désespéré à cause de sa femme et de sa belle-mère, deux autres petites farces de Calderón et de Brecht et finalement, une parodie d'une tragédie romaine.

Nous devons féliciter les acteurs parce qu'ils nous ont fait rire, mais nous considérons que la pièce n'a pas été bien choisie. Quand les élèves commençaient à se situer dans une farce, une autre commençait déjà: le rythme était trop rapide.



Nous aurions préféré "une autre de Molière", comme les deux dernières années.

Teatro: le tour de France en farces

O día 12 de Xaneiro, tódolos alumnos de francés asistiron a unha representación teatral en francés: "*A volta de Francia en farsas*".

Como indica o título, a peza estaba composta de varias farsas que presentaban unha temática moi variada: tivemos ocasión de ver un marido "cornudo", un emigrante español casado cunha francesa que lle facía a vida imposible, unha farsa sobre a ocupación alemá, outra na que un pintor facía unha interpretación demasiado libre da "*Última Cea*", "*O Pozo*" na que un home está desesperado por culpa da súa muller e da súa sogra, dúas farsas curtas de Calderón de la Barca e de Brecht e finalmente unha parodia dunha traxedia romana.

Temos que felicitar ós actores porque nos fixeron rir bastante, pero consideramos que a peza non estivo demasiado ben elixida. Cando os alumnos comezaban a situarse nunha farsa, outra comezaba xa: o ritmo era demasiado rápido para uns alumnos que están a aprender a lingua francesa.

Creemos que sería mellor outra peza de Molière como as que representaron os dous últimos anos. Despois de asistir a esta representación, o seminario de francés decidiu deixar constancia da mesma no blog do instituto facendo o resumo que acabades de ler e introducindo unha serie de cuestións para que os alumnos puideran deixar as súas impresións.

Temos 30 comentarios no blog do instituto, que por suposto podedes ollar.

Un saúdo do seminario de Francés

Cambio a unha nova vida

Todo comezou o 31 de xullo do ano pasado cando chegamos á cidade da Coruña. Non coñeciamos a ninguén polo que cada un faciamos a nosa propia vida; pasadas dúas semanas xa nos coñeciamos mellor uns aos outros. Rematado xa o mes de agosto todos nós estabamos un pouco nerviosos debido a que cada día quedaba un menos para **comezar a liga de fútbol** e tamén un **novo curso nun instituto**, nunha cidade e con xente da que case non sabiamos nada. Dani Bea resultounos moi útil xa que nos axudou a localizar o centro.

Ao comezar o curso quedámonos moi impresionados ao ver o instituto, foi unha sensación bonita debido ás súas características, **é un centro cheo de cor**. Costounos un pouco adaptarnos debido a que ningún de nós estaba acostumado a vivir fóra da casa, foi un cambio de vida radical, pero grazas á axuda dos compañeiros, profesores e as mans que nos botamos uns aos outros cando é necesario, fíxose todo máis ameno e levadeiro. Para nós foron uns meses de adaptación, tiñamos que axudarnos porque xa que non estaban os nosos pais, tivemos que buscarnos a vida.

No referente á cidade pareceunos moi bonita pola súa modernidade e polos distintos monumentos, chamándonos a atención especialmente a Torre de Hércules.

En definitiva que agora somos como irmáns xa que nos axudamos no que podemos.

Foi unha experiencia moi bonita e inolvidable.

Enrique Fernández

David Mendes

Enrique Royo

(Alumnos 4º E.S.O.)

O vello que quería ver o tren

(recreación do conto de Rafael Dieste)

O conto comeza nunha pequena aldea galega alí polo inicio do século XX, nesa época non existían aínda os trens eléctricos, os únicos eran os de carbón.

Nunha casa pequena da aldea vivía un avó, os seus fillos e mais o seu neto. Un día o rapaz empeñouse en ir ver o tren, deu a lata ata que levou unha labazada e non insistiu máis. Aos poucos días o seu avó confesou que non quería morrer sen ver un tren de carbón, entón alí foron. Colleron un cesto coa merenda, prepararon un carro cos seus bois e encamiñáronse cara á vila, todos ben endomingados, levaban a mellor roupa que tiñan e o neno ía estreando uns zoquiños novos.

Percorreron prados, montes, camiños rocosos e por fin chegaron, alí estaban as vías e unha intensa fumareda procedente do tren; o neno empezábase a alporizar.... Entón asomou a locomotora. Eles quedaron abraiados. Cando parou para que subisen os pasaxeiros, un cativo e mais unha muller axexaban a través dunha fiestra, os dous parecían dunha clase alta e tamén semellaban estar acostumados a viaxar en tren. A mirada daquel cativo e daquela muller era de desprezo.

Ao poñerse de novo en marcha o tren, o avó sentiu un certo malestar interior ao recordar aquelas miradas e ao pensar que eles vivían naquela pequena aldeíña pola que non pasaba o tren.

Todo quedaba moi alí detrás das montañas.

Leticia Ramos Reiriz 3ª Div.

A Ponte

Unha ponte pola que os dinosauros pasan do seu mundo ao noso; o cal quere dicir que hai dous mundos paralelos. Os dinosauros só pasan unha vez cada cen anos; e eses cen anos xa transcorreran. Este ano tócalle a un dinosauro forte e grande, non é moi vello. Só ten 1245 anos, mais xa lle tocara ir outras veces.

Hoxe é o gran día, o día máis esperado por todos. A familia de Pulisaletingo xa se está despedindo, o coche está na porta e a emoción pálpase no ambiente. O taxista arranca o automóbil; saúdao a súa esposa Pulisaletinga a través do cristal moi emocionada, el saúdaa ata que só se pode observar un punto rosa ó lonxe. No percorrido Pulisaletingo pensa no que lle contaran e o que se acordaba da última vez que viaxara a Terra: todo era amor e felicidade e moita esperanza para o futuro. Cando el foi os humanos repetían moito iso de “os anos 70” e bailaban desafortadamente e todo iso foi o que fixo que Dinoxalandia cambiase radicalmente, por sorte foi a mellor...pipi fhhhhhhhhhhhhhh! As bucinas, os rúidos, os marmurios dos especialistas espertárono dos seus pensamentos.


--Chegamos Sr Pulisaletingo; deséxolle o mellor aí fóra.

--Moitas grazas cantos rocasentauros son?

--Non, non déixeo así. Hoxe é un día especial

--Moitas grazas , “chau”

A conta atrás xa está en marcha 5; 4; 3; 2; 1. Está en camiño pensando no seu amigo de infancia que lle mira dende a torre de control. Pum_Pum, Pum_Pum os corazóns axítanse. Xa está!!!; o persoal aplaude.



Pulisaletingo chegou á Terra e viu dor nas guerras, fame nas miserías, drogas na xuventude. Estas últimas xa as vira con anterioridade pero non deste modo.

--Deus meu que horror! --dixo Pulisaletingo.

Só un mes foi necesario para saber que cando volveuse non podía contar nada do que vira, senón Dinoxalandia caería ante tanto dor e horror. Cando chegou de volta á casa en Dinoxalandia foi ó seu amigo da infancia, Flimomantunga, o único ó que lle contou o que acontecera na Terra. Flimomantunga pensa que é mellor axudar os necesitados que neste momento son os humanos pero para iso necesitarían cen anos máis polo que decidiron contar todo á “Orde mandatária da ponte”

e pedir permiso para ir con axudas. Levaron planos e o máis importante: o seu remedio máxico a “Pimpumsumtumkumalina”. A Pimpumsumtumkumalina é un antibiótico contra: a luxuria, a gula, a ira, a envexa, a soberbia, a cobiza, e a preguiza. Todo Dinoxalandia terminou por sabelo, decidiron cooperar en repartir a Pimpumsumtumkumalina e por raro que pareza ningún humano quixo ter o poder da Pimpumsumtumkumalina porque a Pimpumsumtumkumalina saca o mellor de cada persoa.

Os pensamentos de Pulisaletingo de ver a súa familia fumando non se fixo realidade, só foi un pesadelo. A Terra non só se recuperou senón que nunca estivera tan ben.


--Mamá, mamá a que non sabes que soñei?

--A ver miña vida, que soñaches?

--Por onde empezou?...Ah! si! Había unha vez unha ponte pola que dinosauros.....

Mayte Puig Cortegoso

A verdadeira razón da extinción dos dinosauros



A xente de hoxe en día ten varias hipóteses sobre a extinción dos dinosauros; uns pensan que foi un tsunami; outros pensan que foron os meteoritos e outros as épocas de xeo e frío. A verdadeira verdade foi esta que vou relatar.

Os dinosauros xa tiñan as súas propias casas cando empezou o Cretácico e cando ía rematar xa estaban como estamos nós hoxe. Os dinosauros máis altos traballaban de bombeiros, os máis gordos de policías ou militares e os máis fermosos traballaban de modelos. Polas mañás os dinosauros ían traballar a calquera lugar que poidamos atopar agora coma bares, restaurantes, hospitais, escolas, xulgados... e con tanto cambio o inventor Meteo Saurus descubriu o tabaco, formado por unha planta de follas moi longas. O tabaco deu a volta ao mundo e en pouco tempo Meteo Saurus era o dinosauro máis rico do planeta, tódolos dinosauros fumaban este tabaco e en pouco tempo comezaron a morrer moitos deles. Algúns dinosauros rebeláronse contra Meteo Saurus e deixaron o tabaco, pero a maioría seguían fumando porque estaba de moda. Aó final o mundo encheuse de tabaco e tódolos dinosauros morreron. Esta é a verdadeira razón da extinción dos dinosauros.

Fernando Noya Vecino
2º ESO



Fumar ou non fumar

Nome: **anónimo**

- Por que fumas? **porque me gusta**
- Canto levas fumando? **desde os quince anos**
- Dáche algun pracer fumar? **reláxame, en vez de tomar ansiolíticos fumo**
- Tes pensado deixar de fumar? **todos os días , cando me xubile, deixareino porque os alumnos me estresan**

Nome: **Laureano**

- Por que fumas? **por hábito**
- Canto levas fumando? **como uns 50 anos**
- Tes pensado deixar de fumar? **si**
- Por que empezaches a fumar ? **porque era algo prohibido naqueles tempos**
- Dáche algún pracer fumar? **non**

Nome: **Manuel**

- Por que fumas? **porque empecei a fumar de novo e creo que se lle ten algunha adiccion a algúns compoñentes do tabaco**
- Canto levas fumando? **21-22 anos**
- Pensaches en deixar de fumar? **si**
- Por que pensaches en deixar de fumar? **porque deixaron todos os meus amigos**
- Dáche algún pracer fumar ? **algún cigarrillo si , pero é algo mecánico**

Segundo os datos extraídos da enquisa cheguei as seguintes conclusións:

1- Hai profesores no centro que fuman, é dicir, que hai que deixar de fumar para dar exemplo aos alumnos máis novos do centro

2-Segundo a miña forma de pensar máis da maioría dos profesores que fuman o fan por hábito non por gusto.

Sara Dono Cide

1º ESO

Manifesto contra a prostitución

Subida na onda da globalización, a industria do sexo crece sen parar destrozando en todo o mundo a vida de millóns de mulleres e nenas. Namentres, no noso país os políticos andan pensando na legalización da prostitución. As mulleres non podemos calar diante da lexitimación da explotación feminina.

Estamos ata os ovarios destes homiños que queren “conceder” ás mulleres a liberdade sobre o seu corpo, estes políticos que, en prol da modernidade, queren legalizar a prostitución para que sexa un traballo coma outro calquera, “porque cada muller é dona do seu corpo e pode facer con el o que lle peta.”

Vai resultar que as mulleres que se prostitúen o fan por gusto. Vaia gusto, aturar entre as pernas homes babosos e fedentos. ¡Que tomen bromuro ou merquen esas fantásticas bonecas inchables para descargarse!

A prostitución converte á muller nunha mercadoría máis nesta sociedade de consumo, nun obxecto a mercé do desexo do home. Mentres siga existindo, a igualdade das mulleres será unha farsa.

O oficio máis vello do mundo é a máis vella escravitude. Cantas mulleres enganadas polas mafias que trafican con persoas; cantas sometidas a un chulo brutal, cantas empurradas á prostitución pola miseria sen saída.

En troques de legalizar esta escravitude ‘voluntaria’, os políticos deben dar ás mulleres a oportunidade de traballar cos mesmos dereitos que os homes e argallar os medios para a reinsertión das mulleres prostituídas. E logo que fagan como os políticos suecos que para erradicar a prostitución multan aos homes que solicitan servizos sexuais.

Grita connosco:

prostitución --- abolición

non ao sexo mercenario

nunca máis prostitución

Comité feminista do IES Adormideras

Se queres máis información: [disposicións legais](#), [argumentos](#)


E a páxina <http://www.aboliciondelaprostitucion.org/>

Escalada

Cando falamos de deportes de risco todos pensamos en actividades extremas onde poñemos a nosas vidas en perigo. A pesar dos innumerables deportes que atopamos, de moi diversos tipos, poderíamos dividilos en tres campos:

Os de aire, que seguramente vos soen coma o salto base, o paracaidismo ou o aladelta. Uns deportes onde poderemos despedirmos relativamente da gravidade e ser libres de deixarnos levar a onde o vento nos leve.

Os acuáticos, por suposto realizados na auga coma o windsurf, o submarinismo, ráfting... Lista onde podemos dende mollarnos ata sumerxirmos por completo en ríos, mares ou fervezas.



E por último temos **os de terra**, onde non estamos a salvo de rematar secos pero onde probablemente non temos porque precisar bañador, aquí temos outros dous grupos, os de verán e os de inverno, nestes últimos atopamos o esquí extremo ou o alpinismo.

Pero centrémonos no clima cálido dos deportes de verán, é aquí onde podemos atopar a escalada, quizais un dos máis coñecidos deportes de risco que comezou coma alpinismo, unhas simples ascensións a altas montañas. Pero tras alcanzar tódolos cumes, o home non tivo máis remedio que complicarse a si mesmo estas ascensións, así hoxe en día xa non se busca tanto a altitude coma a dificultade ou a velocidade.

Actualmente existen dous tipos de escalada, **a alpina**, onde cada un decide o seu camiño en enormes paredes onde tes que colocar os teus propios seguros, en grandes paredes de granito ou caliza, que son os tipos de pedras máis habituais, poden ir dende os 20 ata os 1500 metros de altitude, todo é cuestión de busca. Despois temos a **escalada deportiva** que non se basa tanto en alcanzar altitude senón que se centra máis na dificultade, e é aquí onde podemos atopar a maior das complicacións.

Este tipo de escalada é na que todo o mundo comeza, despois de tela dominada é cando un pode facer a alpina. Aínda así moitas das persoas que escalan, tras probar a escalada alpina deciden continuar na cómoda deportiva. A escalada deportiva practícase nas chamadas 'escolas'. Aquí, preto da Coruña, temos tres importantes: o **Petón do Xalo**, a **canteira das Fragas do Eume** e os **acantilados de Chanteiro**. Atopar estas escolas no soe ser tarefa fácil, pois o acceso é por camiños e non soen estar á vista de calquera, é por iso que nestes lugares podemos disfrutar dunhas maravillosas vistas, e esquecernos das aglomeracións das cidades. Nestes paraxes naturais non é difícil atopar outros escaladores para poder facer vida social con alguén que comparte a afección á natureza e á escalada.

Un ambiente social que non só se atopa neste tipo de sitios senon tamén nos rocódromos.

Os **rocódromos** son imitacións en plafón e resina onde os escaladores se adestran no inverno, pois a escalada non só depende do tempo que un teña senón tamén do clima, podo dar fe de que coa pedra mollada “non sobe nin Rita”, así que cando o tempo non nos permite escalar ó aire libre, témolo que facer en cerrado. Os rocódromos non só serven para adestrar senón tamén coma centro de reunión, hoxe en día na cidade da Coruña podemos atopar dous rocódromos importantes, o do polideportivo de Riazor e o da sociedade de montana Ártabros, ó lado da Casa do Home, nestes lugares os escaladores melloran a súa técnica para poder dalo todo na rocha. Actualmente nos rocódromos podemos atopar grandes figuras deportivas que se adestran duramente para mellorar e poder facer máis grado.

A dificultade da escalada non se mide só polo medo, senón polo esforzo físico, cada persoa ten un grado, isto quere dicir que pode facer unha dificultade que aumenta co entreno, unha persoa normal roldaría o IV, IV+. **En escalada as dificultades mídense nos percorridos por onde se ascende, as vías**, cada vía ten unha dificultade que se miden da seguinte forma:

I	II	III	IV	V	6a	7a	8a	9a
					6b	7b	8b	...
					6b+	7b+	8b+	
					6c	7c	8c	
					6c+	7c+	8c+	

O **I e II grado** non son máis que unhas pequenas rampas que non precisan o uso de cordas, e nas que nin sequera precisaríamos as mans.

Entre o **III e o III+** apenas hai diferenza, aínda que si precisaríamos corda a dificultade é mínima Entorno o IV e o V a dificultade xa é maior e é preciso o coñecemento de algo de técnica que moitas veces soe vir dada pola intuición

Os denominados sextos precisan xa unha experiencia e base, grao no que se atopa unha servidora e no que xa podemos atopar unha dificultade considerable, pero nos que cun tempo de experiencia xa case podes comezar a facer algún dos máis básicos

Nos sétimos soen precisar un adestramento e unha maior experiencia en rocha.

Os oitavos xa son un grado especial que non todo o mundo domina, cando unha persoa chega a facer este tipo de grado pasase a chamar ‘octavista’ unha raza humana dotada de aptitudes especiais para a escalada, polo menos iso parece cando os ves trepar.

Por último, un grado que case ninguén chega a facer e que xa leva detrás unha experiencia excesiva. **O noveno grado non o practica ninguén, só algúns afortunados teñen na súa lista de logros algún 9a ou 9a+**, de aquí en diante non hai máis dificultade, tal vez as próximas xeracións introduzan novos grados.

A escalada non só consiste en colgarse dunha corda, de feito ese é un método que só se usa ó principio, tras coller confianza coa corda por arriba comezas a escala co teu propio esforzo, a corda vai atada ó arnés pero non te axuda, tes que subir por ti mesmo, se caes quedas colgado do último seguro, iso chámase “pegarse un bo”, a caída pode ser de apenas uns centímetros ou de varios metros, todo depende de ti.

Para salvar estas caídas está o material especialmente creado para a escalada, os **mosquetóns soportan toneladas, os arneses, son especiais para aguantar as caídas**, ó igual que **as cordas, que son elásticas para amortizar**, e ademais está o teu compañeiro, alí abaixo para frear a caída, sempre a túa disposición. Para mercar todo este material temos que comprar en tendas especializadas, coma en case calquera deporte, pois todo este material pasou por numerosas probas e esta homologado.

Como ultima medida de seguridade, atopamos a federación, todo escalador debe estar federado, isto é un segundo seguro, pois o normal no cobre as actividades de risco, e en caso de que sucedese algo é a federación a que irá recollerte. Voltando ó material algo moi característico dos escaladores, e que vos chamará a atención cando os vexades en acción é o seu calzado, os pés de gato, que teñen unha forma que se amolda moi ben ó pe e que ten unha sola dun material especial, para adherirse á rocha, é evidente que non serve para andar pola rúa.



Hoxe en día pódense atopar todo tipo de actividades relacionadas coa escalada, coa creación de novos deportes como o **dry-tooling**, ou a **escalada en xeo**, que aportan novos retos para todo aquel que queira afrontalos. Ademais, aínda que pareza increíble a escalada tamén é un deporte de competición, nas súas dúas modalidades **dificultade e bloque**. Este último, consiste en superar dificultades a pouca altura de maior intensidade e sen necesidade de cordas, a cal é substituída por unha colchoneta. Un bo lugar para ver practicar esta modalidade é o dique de abrigo do porto da Coruña, onde é habitual atopar xente escalando, aínda que se non o vedes probablemente pensedes

que alí non pode subir ninguén. Nas competicións de bloque e de dificultade séguese a mesma rutina, a única diferenza é que nas de dificultade o rocodromo é máis alto e hai que usar a corda, e nas de bloque non son só unha as vías de cada proba, rondan as 6. Cada competición constan de dúas probas, unha eliminatoria e unha final (ademais da posibilidade dunha superfinal, en caso de quedar empatados).

Non só existen este tipos de reunións onde vemos os escaladores doutras partes de Galicia. Por exemplo na terceira semana de novembro, Ártabros, organiza a chamada semana da montaña, onde ó longo dunha semana organízanse proxeccións de diversos temas, este ultimo año, viñeron dúas escaladoras que nos mostraron as súas experiencia escalando na Antártida, Grenlandia, ou a India, puxéronsenos a todos os dentes longos da envexa, e ademais un escalador da cidade, que comezou a escalar dende moi novo, e comentounos a situación dos xoves na escala.

Outro dos eventos do ano, e a recente longametraxe que se celebra no Eume durante unha fin de semana, onde se fan carreiras por distancia e máis probas con premios moi orixinais.

Pero hai máis, como **a xuntanza que se celebra, en Budiño (Pontevedra)**, unha reunión de escaladores, tamén durante unha fin de semana.

Pero, a todas estas persoas, por que lles gusta escalar?, pola xente?, está claro que si, fanse moi bos amigos e coñécense persoas extraordinarias. Polos sitios onde escalan?, tamén, tamén, lugares maravillosos onde estou segura de que vos gustaría pasar tarde.

Pero o motivo principal son as experiencias, cando comezas a perder o medo a caer e a apreciar as vías. Pode que non todas sexan asombrosas, pero si que aprendes a velas doutro xeito, ó fin e ó cabo no seu día foron o proxecto dun aperturista, que no momento no que chegou a ese lugar, no que ninguén estivera antes, dixo – pois eu quero subir por aquí- , acórdaste destas persoas, aínda que non saibas quen son, e pensas que tiveron que botarlle peito, onde ti estas tremendo co medo. Cada escalador crea os seus propios retos, superarse cada día a un mesmo é un deles, pode que non sempre marches contento pero sempre tes ganas de voltar para facer o que non conseguiches.

Cada persoa ve a escalada dun xeito diferente, e é iso o que a fai tan especial, ó fin e ó cabo hai quen sobe porque ten forza suficiente, porque non pensa noutra cousa que en chegar ó cume, ou mesmo porque caer non está no seu vocabulario, incluso motivaste a mellorar vendo o que fan outros. Pero tamén está o medo, o sufrimento, a tensión, a superación dos límites, a mellora diaria, o adestramento constante.

Practicar un deporte apórtate unha mellora física, un dominio das técnicas, a aprendizaxe dunhas normas, pero aínda así a escalada ten máis. A xente, os amigos, a confianza cega nunha persoa, a sensación de ter a vida doutro nas túas mans, a supervivencia na montaña, todas esas cousas que che fan madurar coma persoa, que sen dúbida te marcarán para resto da túa vida, e fante vivir o douscentos por cen. A escalada é iso, **un reto diario que te motiva a adestrar ó límite**, a erguerte ás tres da mañá case sen durmir, pasar frío, fame e sede, pero nada diso importa, porque estás a facer algo que che gusta de verdade, porque cando estás aí tes tal subida de adrenalina que te esqueces de todo o demais, aínda que caeras mil veces, o importante é disfrutar de todos e cada un deses momentos irrepitibles e vivir cada día coma se fose o último.

Tania Piñón Amboage 2º D

Seccións europeas


Nós somos un grupo de 2º E.S.O. e imos falar sobre a clase de seccións europeas.

Ao principio estabamos moi preocupados/as porque non entendiamos case nada do que dicía o profesor e tampouco do libro porque non hai nada escrito en castelán. Pouco a pouco fómonos adaptando ao léxico da clase, isto foi posible grazas a que o profesor nos axuda a resolver todo tipo de dúbidas.

Cada avaliación facemos dous ou tres exames, para algúns déixanos mirar polo libro, non para o de avaliación. Tamén nos manda facer todo tipo de traballos en parellas ou individuais que contan para a nota.




Resumindo esta clase é moi interesante para os que saiban moito inglés, porque no caso contrario lles custaría moito estudalo

*Laura Castano Corral
Carla Varela Fabeiro
(Alumnas de 2º E.S.O.)*



How do you go to school?

BOARD

Means of transport	%
 <p>Bus</p>	40%
 <p>Walking</p>	35%
	25%

Total of the students in our school are 275



Total of the students that we interview are 40

The survey students that go to school by bus are 16

The survey students that go to school by car are 10

The survey students that walk to school are 14

Diagram of Bars



Mayte Puig Cortegoso
 Laura Castaño Corral
2ºE.S.O-A

Desinterese político no I.E.S. Adornideras.

O 41,1% dos entrevistados votaría en branco nas próximas eleccións.


Unha importante parte dos alumnos do I.E.S. Adornideras declaran que se fosen votar, o seu voto sería en branco aínda que máis do 43% declaran que votarían a o PSOE ou ó ENG (24,66 e 20,55%), mentres que menos do 15% votarían ó PPE a IU (8,22 e 5,48). O 64,38% cree que o atentado na terminal de Barajas vai influír nas eleccións municipais, aínda que o 50% seguen apostando polo diálogo con ETA.

Por outra banda un 74% cree que ETA vai ser incapaz de deixar as armas, pero se iso chegase a ocorrer o 43% opina que Batasuna debería ser recoñecido como partido político, fronte a un 55% que opina que nunca debería ser aceptado como partido.


Tamén cabe destacar que máis da metade dos entrevistados creen que no País Vasco non existe liberdade de expresión.

En canto o caso da folga de fame de De Juana Chaos, que fora imputado a 3000 anos de condena por intervir en 11 atentados, a decisión dos xuíces foi a de alimentalo á forza. Respecto a isto un 58% cree que a decisión dos xuíces foi a adecuada, pero como De Juana non aceptaba a sondaaxe e a súa vida podía correr perigo o Goberno decidiu concederlle a prisión atenuada.

Podemos afirmar que máis do 60% non acepta a pena de morte.



Opinión sobre o diálogo con ETA



Recoñecemento de Batasuna como partido político.

Nunca	54,79%
Si ETA deixase as armas, Si	42,47%
Si neste intre	1,37%
NS/NC	1,37%


FICHA TÉCNICA:

Resolución do traballo de campo: a enquisa foi realizada pola empresa MEN os días 14 a 22 de maio do mes de Novembro do 2007. Ambito xeográfico: I.E.S. Adornideras. Recollida de información: mediante unha enquisa escrita. Universo de análise: estudantes pertencentes ó bacharelato. Tamaño da mostra: 73 alumnos. Erro de mostra: o máis de erro para total da mostra é do 4,13% para unha marca de confianza do 95% a baixo o suposto de máxima indistinción ($p=50\%$). Procedemento de mostraxe: Dúas veces a población en dúes estratos, 1 e 2 do Bacharelato. Posteriormente dúas veces cada estrato un grupo homoxéneo, denominado mostraxe por conglomerado, a continuación máis veces a mostraxe aleatoria simple tomando dúes clases de cada estrato. Esta mostraxe denomínase Mostraxe Politépica.


Influencia do atentado de Barajas nas eleccións municipais




¿Hai liberdade de expresión no País Vasco?



Aceptación respecto a pena de morte e seccas



Opinión respecto a decisión dos xuíces face De Juana Chaos



Martín Castiñeira Suárez e Alfonso Souto Míguez 2º Bach.



2°A bacharelato



2°B bacharelato



2°C bacharelato



